

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

2163 *Real decreto 232/2020, do 4 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illes Balears.*

I

O artigo 138.1 da Constitución española de 1978 encomenda ao Estado a garantía da realización efectiva do principio de solidariedade, velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular.

Neste sentido, o Estatuto de autonomía das Illes Balears de 1983 e, en especial, despois da súa modificación de 2007, incidiu na realidade insular ou plurinsular balear coa finalidade de amparar e promover actuacións conducentes a reducir ou eliminar os desequilibrios que xera. Esta necesidade dun tratamento propio explica a previsión estatutaria de articular un réxime especial balear.

Este obxectivo cubriuse até agora mediante a Lei 30/1998, do 29 de xullo, reguladora do réxime especial das Illes Balears, cuxo artigo 7 dispoñía o establecemento dunha consignación anual nos orzamentos xerais do Estado, coa finalidade de compensar o custo efectivo do transporte de mercadorías relacionadas con sectores económicos de interese preferente para as illas, derivado do seu transporte tanto interinsular como con destino ao territorio peninsular e aos Estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo ou viceversa.

O Real decreto lei 4/2019, do 22 de febreiro, do réxime especial das Illes Balears, que derogou todas as disposicións da Lei 30/1998, do 29 de xullo, que se opoñan ao disposto nel, supón unha mellora substancial deste réxime, ao cal dedica o seu artigo 11, consolidando os cambios que se viñan operando estes últimos anos. E con isto faise aínda máis necesaria a actualización da norma regulamentaria que desenvolve as axudas ao transporte marítimo e aéreo con orixe ou destino nestas illas.

II

O cumprimento dos mandatos anteriormente citados tivo a súa concreción no Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo con orixe ou destino nas Illes Balears, que desenvolveu regulamentariamente os aspectos relacionados coa fixación das correspondentes subvencións e o seu outorgamento, así como o procedemento administrativo aplicable a estas.

O Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, normalizou a tramitación dos procedementos para a concesión destas axudas. Non obstante, nos seus aspectos instrumentais, esta norma xa precisou de determinadas modificacións que se concretaron no Real decreto 101/2002, do 25 de xaneiro, que introduciu diversas melloras aconselladas pola experiencia na regulación do procedemento de outorgamento das subvencións.

O tempo transcorrido aconsella afondar na mellora dos aspectos formais e materiais do procedemento polo que se outorgan as bonificacións ao transporte de mercadorías, co obxecto de facilitar na medida do posible a actividade dos sectores económicos baleares.

Ademais, a evolución lexislativa fai necesario adaptar a normativa existente aos avances que se produciron en diversas materias, entre outras, a nivel nacional, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estableceu unha regulación completa e sistemática de como se relacionan externamente as administracións cos cidadáns e empresas.

Anteriormente, a Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, xa introducira medidas de simplificación administrativa, entre outras, no referente á publicidade das subvencións e á Base de datos nacional de subvencións, que afectaron a citada Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Por outro lado, cabe sinalar que a Orde TAP/2135/2011, do 18 de xullo, aínda vixente, xa regulou desde aquela a obrigatoriedade na presentación de solicitudes e tramitación por medios electrónicos do procedemento da compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illes Balears. E agora, ao abeiro do artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, prevese no novo artigo 8 do Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, a tramitación destes procedementos exclusivamente por medios electrónicos, incluído cando se trate de persoas físicas. De aí que tamén se prevexa que se non se utilizaron os ditos medios se requirirá a correspondente emenda, e considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que se realice a emenda, de conformidade co disposto no artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

III

Máis recentemente, a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017, modificou as porcentaxes máximas de subvención, deixando sen efecto a limitación da dispoñibilidade orzamentaria cando os créditos orzamentarios afectados sexan declarados ampliables. E a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, declara, no seu anexo II, ampliable o concepto orzamentario 17.20.441P.478, sobre «Subvención ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino en territorios extrapeninsulares de acordo coa lexislación vixente».

Estas novas porcentaxes de bonificación foron consolidadas polo citado Real decreto lei 4/2019, do 22 de febreiro, do réxime especial das Illes Balears.

Pola súa vez, son importantes as modificacións introducidas no espazo europeo mediante a aprobación do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* e que será aplicable até o 31 de decembro de 2020 e que ten prevista unha prórroga de dous anos pola Comisión Europea. Así, o importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Considerando as semellanzas entre a transformación e a comercialización de produtos agrícolas e de produtos non agrícolas, o citado regulamento debe aplicarse á transformación e á comercialización de produtos agrícolas, sempre que se cumpran certas condicións.

Non obstante, na disposición transitoria primeira do Real decreto lei 4/2019, do 22 de febreiro, establécese o compromiso do Goberno de promover a modificación do sinalado Regulamento UE 1407/2013, no sentido de aumentar o límite de 200.000 euros de axudas acumuladas por unha mesma empresa durante o período de tres anos para o transporte de mercadorías para os territorios insulares.

IV

Polo que respecta aos establecementos, tamén se produciron novidades normativas que afectan a tramitación dos procedementos regulados no Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño. En concreto, dispónse da información sobre a actividade industrial mediante a aplicación do Real decreto 559/2010, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Integrado Industrial, sen prexuízo da competencia da comunidade autónoma para establecer o rexistro industrial no seu territorio. Do mesmo modo, hai un novo

marco normativo que racionaliza o sector artesán a través do Decreto 41/2014, do 5 de setembro, que ten en conta as previsións da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior.

Igualmente, considerouse aconsellable ter en conta a situación especial que se presenta respecto da illa de Formentera en relación co transporte de mercadorías con orixe ou destino nela, que debe realizarse necesariamente a través da illa de Eivissa, para o que se prevé o establecemento dunha compensación que considere os custos de desprazamento das mercadorías e bens entre ambas as illas.

Considerouse conveniente tamén recoller nesta reforma do Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, as recomendacións realizadas pola Intervención Rexional na Delegación do Goberno nas Illes Balears da Administración xeral do Estado, nos seus informes de control financeiro permanente en relación con estas subvencións ao transporte de mercadorías.

Finalmente, de acordo co Real decreto lei 4/2019, do 22 de febreiro, créase unha comisión mixta integrada por representantes da Administración xeral do Estado e da Administración autonómica das Illes Balears, que se encargará de efectuar o seguimento e a avaliación da aplicación do sistema de compensación.

V

Esta modificación responde, en definitiva, aos coñecidos como novos principios de boa regulación. Pódese afirmar que a súa aprobación responde a principios de necesidade e eficacia, xustificándose en razóns de interese xeral como son favorecer a igualdade nas relacións económicas en España, de tal forma que as desigualdades que se producen a causa de circunstancias xeográficas como é a insularidade se vexan debidamente compensadas. As obrigacións que se impoñen aos beneficiarios das axudas que se regulan responden ao principio de proporcionalidade, resultando o menos restritivas posibles. Igualmente, o novo marco considérase que incide positivamente na seguridade xurídica, a transparencia e a eficiencia, no sentido que se prescribe nos artigos 127 a 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En consecuencia, mediante este real decreto preténdese adaptar o Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, á nova normativa nacional e europea e á experiencia derivada da súa aplicación. Ademais, trátase de aclarar o contido dalgúns artigos do real decreto, mellorar os trámites administrativos e reducir as cargas administrativas, coas mesmas garantías xurídicas, en prol dunha Administración pública máis eficaz e eficiente e en coherencia co espírito do lexislador que non é outro que a compensación da insularidade.

Isto sen prexuízo dunha futura adaptación, unha vez que a comisión mixta de seguimento que agora se crea avalíe o sistema de compensación e sexa oída no procedemento dunha nova proposta e actualización dos sectores económicos e dos tipos de mercadorías que poidan beneficiarse destas axudas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, da ministra de Facenda e da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de febreiro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illes Balears.*

O Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illes Balears, queda redactado nos seguintes termos:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 2 queda redactado como segue:

«O transporte de mercadorías e produtos orixinarios das Illes Balears ou que sufrisen nelas transformacións que aumenten o seu valor, efectuado desde o arquipélago balear a outros territorios de Estados membros da Unión Europea e demais Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou o seu transporte interinsular, gozará dunha compensación. Esta compensación será de até o 65 por 100 sobre a parte de custo do frete das ditas mercadorías que non supere a media, determinado de acordo co establecido no artigo 9.2, correspondente en cada caso ao traxecto Palma-Barcelona, Maó-Barcelona ou Eivissa-Barcelona segundo o respectivo porto de orixe se se realiza por vía marítima, ou Palma de Mallorca-Madrid, Menorca-Madrid ou Eivissa-Madrid por vía aérea desde o aeroporto de que se trate. Ademais, será necesario que as mercadorías de que se trate se correspondan con algún dos sectores de atención preferente relacionados a continuación:»

Dous. O artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Transporte marítimo ou aéreo con destino ás Illes Balears e orixe noutros territorios, de artigos sen suficiente produción interior.*

O transporte ás Illes Balears desde outros territorios de Estados membros da Unión Europea e demais asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, así como o transporte interinsular, das mercadorías non enerxéticas susceptibles de seren utilizadas habitualmente e de maneira idónea para obter os produtos correspondentes aos sectores de atención preferente relacionados no artigo 2, gozará dunha compensación. Esta compensación será de até o 60 por 100 sobre a parte de custo do frete das ditas mercadorías que non supere a media, determinado de acordo co establecido no artigo 9.2, correspondente ao traxecto Barcelona-Palma, Barcelona-Maó ou Barcelona-Eivissa segundo o respectivo porto de destino se se realiza por vía marítima, ou Madrid-Palma de Mallorca, Madrid-Menorca ou Madrid-Eivissa por vía aérea até o aeroporto de que se trate, sempre que non exista produción interior balear destes ou na medida en que esta sexa insuficiente.

O delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Illes Balears elaborará unha lista, sen carácter excluínente, de artigos que cumpren os requisitos para se acolleren a esta bonificación, e poderá modificala anualmente, en razón de que exista ou non produción interior balear de tales produtos e da variación que rexistren as partidas arancelarias correspondentes, logo do informe do Goberno balear e da Comisión mixta a que se refire o artigo 13. A dita lista e as súas modificacións deberanse publicar no «Boletín Oficial del Estado».

Tres. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos do establecido neste real decreto, enténdese que unha mercadoría é orixinaria das Illes Balears cando fose totalmente producida ou transformada no seu territorio.

2. Entenderase que unha mercadoría foi transformada nas Illes Balears cando fose obxecto no seu territorio de operacións produtivas de transformación cuxo resultado implique unha modificación substantiva das súas características esenciais, de forma que supoñan un cambio de partida arancelaria ou, se o dito cambio non se produciu, que incorporen un valor engadido superior ao 20 por 100 do valor CIF (custo, seguro e frete) no porto ou aeroporto balear correspondente ás illas onde se transformasen as mercadorías.

Excepcionalmente, o delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Illes Balears poderá realizar modificacións á anterior porcentaxe en función das circunstancias concorrentes, logo do informe do Goberno Balear e da Comisión mixta a que se refire o artigo 13, que se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

3. Non se considerará que unha mercadoría foi obxecto de transformación cando as operacións realizadas sobre ela, aínda implicando un cambio de partida arancelaria, se limiten ou consistan:

a) Nas operacións destinadas a garantir a conservación das mercadorías en bo estado durante o seu transporte e o seu almacenamento (ventilación, tendedura, secado, separación de partes deterioradas e operacións similares) ou facilitar as operacións de traslado ou transporte.

b) Nas operacións simples de desempoadado, cribado, selección, clasificación, preparación de variedades, lavado e corte.

c) Nos cambios de embalaxe e a división e agrupamento de vultos, o simple envasado en botellas, latas, frascos, bolsas, estoxos e caixas, a colocación sobre cartolinas ou taboleiros, etc., e calquera outra operación sinxela de embalaxe.

d) Na presentación de mercadorías en xogos ou conxuntos ou a posta en venda.

e) Na colocación de marcas, etiquetas e outros signos distintivos similares nos mesmos produtos ou nas súas embalaxes.

f) Na desmontaxe ou o cambio de uso.

g) Na combinación de dúas ou máis operacións especificadas nas letras a) a f).

A Delegación do Goberno nas Illes Balears poderá solicitar informe ao órgano da Administración pública que teña competencia sobre a materia acerca das operacións que non se consideran transformación.

4. Tampouco se incluírán no sistema de compensacións as mercadorías transportadas ás Illes Balears destinadas directamente e sen ningún tipo de manipulación á construción de inmobles ou obras civís ou á produción de bens non susceptibles polas súas características de posterior traslado fóra das illas, sempre que as ditas mercadorías non estean comprendidas nalgúns dos sectores de interese preferente de acordo co disposto no artigo 2.

5. A exclusión de certas mercadorías do réxime de compensación regulado neste real decreto non impedirá a compensación aos produtores das ditas mercadorías polo transporte de mercadorías e produtos complementarios (envases e embalaxes) elixibles con destino ás Illes Balears.»

Catro. O artigo 7 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 7. *Beneficiarios das compensacións.*

1. Serán beneficiarias das compensacións as seguintes persoas:

a) No caso de mercadorías e produtos orixinarios das Illes Balears transportadas a outros territorios de Estados membros da Unión Europea e demais Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou transportadas entre illas, o remitente das mercadorías que fosen vendidas en calquera réxime de contratación que obrigue o expendedor ou exportador a soportar o custo do transporte.

b) No caso dos envíos interinsulares de residuos, será beneficiario da compensación o receptor dos ditos envíos, sempre e cando aos envíos non lles resulten de aplicación as obrigacións derivadas da responsabilidade ampliada do produtor.

c) No caso das mercadorías sen suficiente produción interior enviadas ás Illes Balears a que se refire o artigo 3, ou enviadas entre illas, os receptores destas que as transformen.

2. En todos os supostos será necesario que o beneficiario acredite ter efectuado o pagamento do importe do frete correspondente ao transporte.

3. O beneficiario que soporte os custos do transporte non poderá ter repercutido a terceiros a parte do custo do frete para a cal solicita a subvención.

4. Nos supostos regulados nas letras a) e c) do número 1 deste artigo, os solicitantes deberán facer constar nas súas solicitudes de compensación:

a) O rexistro integrado industrial do establecemento onde se transforma ou produce a mercadoría (división a.– de establecementos que realicen as actividades ou instalacións, previstas no artigo 4.1 do Real decreto 559/2010, do 7 de maio),

b) A carta de artesanía ou cualificación artesanal ou, se for o caso,

c) A xustificación de encontrarse incorporado no censo de industrias agrarias que transformen os produtos, de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica vixente.»

Cinco. O artigo 8 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 8. *Solicitudes, prazos e documentación.*

1. A convocatoria para o outorgamento das compensacións aprobarase no primeiro cuadrimestre de cada ano, mediante resolución da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

De acordo co artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana comunicará á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida por esta. A Base de datos nacional de subvencións dará traslado ao «Boletín Oficial del Estado» do extracto da convocatoria, para a súa publicación.

2. Todas as fases do procedemento, mesmo as obrigacións e os dereitos posteriores á resolución, se tramitarán exclusivamente por medios electrónicos, incluídas as persoas físicas solicitantes da compensación ao transporte. Se non se utilizan os ditos medios e salvo casos de mal funcionamento das aplicacións informáticas, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente emenda e advertirá que, de non ser atendido, a presentación carecerá de validez. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Os interesados dirixirán as solicitudes á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Illes Balears por medio da aplicación telemática posta á disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria. O formulario de solicitude e os documentos electrónicos necesarios para cubrir e presentar as solicitudes estarán dispoñibles nesa sede electrónica.

A práctica da notificación deste procedemento de compensación ao transporte de mercadorías realizarase mediante a comparecencia electrónica na sede electrónica do citado departamento competente en administracións territoriais, na forma regulada no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. As solicitudes deberán referirse a transportes realizados durante o último ano natural.

4. Os solicitantes das compensacións deberán presentar os documentos que se relacionan a continuación:

a) A acreditación da identidade do solicitante e, se for o caso, a representación. O incumprimento desta obrigaón, de non se emendar, dará lugar a que se dea por desistido o interesado da súa solicitude.

As persoas que realicen a sinatura ou a presentación electrónica de documentos en representación das entidades solicitantes ou beneficiarias das axudas deberán ter a representación necesaria para cada actuación. O certificado electrónico deberá corresponder ao solicitante da axuda ou ao seu representante legal.

A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

b) Acreditación do coñecemento de embarque ou, na súa falta, unha declaración responsable do solicitante, en que se farán constar o número de envíos e traxectos realizados, a natureza e o peso das mercadorías transportadas, e unha certificación do transportista ou da axencia de transporte, en que deberán reflectirse os envíos realizados, o destino, o medio e o importe de transporte e, se for o caso, o importe do frete. Así mesmo, o distribuidor, provedor ou almacenista poderá expedir un certificado cos datos sinalados no parágrafo anterior, equivalente ao certificado do transportista, sempre e cando figuren tamén os datos do citado transportista. Estes documentos, complementarios da factura correspondente, terán eficacia administrativa e estarán sometidos ás comprobacións sinaladas no artigo 14.

En todos os casos deberá xustificarse o pagamento das facturas e aceptaranse todos os medios de pagamento admisibles en dereito que acrediten fidedignamente o pagamento material dos transportes.

A Delegación do Goberno nas Illes Balears porá á disposición dos interesados, por medios electrónicos, os modelos do certificado e da declaración responsable, que terán a validez temporal que indiquen.

Nas solicitudes de compensación superiores a 20.000 euros será preciso achegar o importe do frete ou ben xustificar, mediante certificación do transportista ou provedor, cando non sexa posible coñecer o importe efectivo do frete obxecto da compensación.

c) Declaración de que non se recibiron outras subvencións para o financiamento do transporte ou, no caso de que se recibisen, o importe total destas, así como relación destas e certificación dos organismos ou entidades concedentes.

A documentación a que se fai referencia neste artigo deberá presentarse en copia simple ou auténtica, e deberá ser compatible co seu tratamento mediante un sistema de intercambio electrónico de datos, sempre que isto se prevexa na normativa comunitaria ou interna sobre a materia. Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.»

Seis. Dáse nova redacción aos números 2, 3 e 5 do artigo 9:

«2. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Illes Balears determinará as medias dos custos dos fretes máis representativos, tendo en conta o principio de empresa eficiente e ben xestionada, para cada un dos sectores e traxectos a que se refiren os artigos 2 e 3, para efectos da aplicación ás solicitudes presentadas dos límites neles establecidos. Así mesmo, comprobará se os artigos transportados para os que se solicita a compensación corresponden aos sectores e demais supostos recollidos neste real decreto.

En función da súa situación especial establecerase unha táboa específica de fretes medios para a illa de Formentera para as mercadorías con destino á dita illa ou para aquelas producidas ou transformadas nela, cando o seu destino último sexa Madrid ou Barcelona, segundo se utilice avión ou barco desde a illa de Eivissa.»

«3. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Illes Balears axustará as solicitudes anuais ás contías máximas establecidas nos artigos 2, 3 e 4,

e reducirá, se for o caso, a continuación aquelas que superen os importes sinalados no artigo 11, para darlles cumprimento. No caso de que o total resultante exceda as dispoñibilidades orzamentarias consignadas para este fin, efectuarase a modificación proporcional das cantidades obtidas até anular o exceso de gasto»

«5. O prazo máximo para notificar a resolución das solicitudes de compensación será de seis meses contados desde o día de publicación da resolución da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado». Transcorrido ese prazo sen terse notificado resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.»

Sete. Modifícase a letra e) do artigo 10:

«e) Cando o órgano concedente o considere conveniente, para a xustificación de subvencións por un importe superior a 20.000 euros, realizarase a cargo do propio beneficiario un informe de procedementos acordados de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. Naqueles casos en que o beneficiario estea obrigado a auditar as súas contas anuais mediante un auditor sometido á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, a revisión levaraa a cabo o mesmo auditor.»

Oito. Dáse a seguinte redacción ao artigo 12:

«Artigo 12. *Normativa sobre subvencións.*

1. Ás compensacións reguladas por este real decreto seranlles de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o seu regulamento de aplicación aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. No non previsto nestas disposicións aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O procedemento de concesión das compensacións será o de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003 e o artigo 66 do seu regulamento, relativa a subvencións de concesión directa imposta á Administración por unha norma de rango legal.

3. A presentación da solicitude por medios electrónicos por parte do beneficiario incluírá a súa autorización expresa ao órgano xestor para solicitar os certificados que teñen que emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Nove. Dáse a seguinte redacción ao artigo 13:

«Artigo 13. *Comisión mixta.*

Créase unha comisión mixta, composta por un representante do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que actuará como presidente; un representante do Ministerio de Facenda; por un representante da Delegación do Goberno nas Illes Balears, que actuará como secretario, e por tres representantes do Govern de les Illes Balears. As súas funcións consisten en efectuar o seguimento e avaliación da aplicación do sistema de compensación establecido neste real decreto e emitir os informes que nel se preceptúan.

O funcionamento da comisión mixta rexerese polo disposto para os órganos colexiados no título preliminar, capítulo II, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e poderá solicitar informes dos órganos de representación dos consumidores e usuarios ou das asociacións empresariais afectadas.»

Dez. Dáse nova redacción ao artigo 14:

«Artigo 14. *Inspección e control.*

A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Illes Balears efectuará comprobacións periódicas, mediante mostraxes aleatorias en proporción ao número de compensacións recoñecidas, do contido dos datos reflectidos nas declaracións a que se refire o artigo 8.4.»

Once. A disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.*

A contía acumulada das compensacións recollidas neste real decreto, por cada persoa física ou xurídica, non poderá superar o importe máximo total sinalado no Regulamento (UE) 1407/2013, salvo que se obteña autorización da Comisión Europea.

As compensacións previstas neste real decreto non se aplicarán ao transporte dos produtos agrícolas e de primeira transformación a que se refire o artigo 38 e anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea.»

Doce. A disposición adicional segunda queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Publicidade da subvención por parte do beneficiario.*

En cumprimento do disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, o beneficiario desta subvención deberá dar adecuada publicidade ao carácter público da bonificación recibida. A medida de difusión que debe adoptar o beneficiario da axuda consistirá na colocación dun letreiro, en lugar visible no establecemento, coa lenda «Esta empresa acolleuse ás subvencións do Goberno de España para o transporte de mercadorías nas Illes Balears, no exercicio 20__», e coa imaxe institucional da entidade concedente.»

Trece. Engádesse unha nova disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Dispoñibilidade orzamentaria.*

A limitación establecida nos artigos 1 e 9.3 deste real decreto entenderase sen efecto sempre que os créditos orzamentarios afectados sexan declarados ampliables nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.»

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable ás solicitudes en tramitación.*

As solicitudes que se encontren en tramitación no momento de entrada en vigor deste real decreto rexeranse polas normas até ese momento aplicables. Non obstante, aquelas rexeranse, respecto á documentación exixible e á súa comprobación, polo presente real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre tránsito e transporte aéreo e mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e execución.*

Facúltanse os ministros de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Facenda e de Política Territorial e Función Pública para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto, con especial atención á utilización de medios electrónicos que axilicen e abaraten os trámites para as empresas e para a Administración pública.

Disposición derradeira terceira. *Referencias a órganos suprimidos.*

As referencias no Real decreto 1034/1999, do 18 de xuño, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías, con orixe ou destino nas Illas Baleares aos órganos suprimidos polo Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, entenderanse realizadas aos que, mediante esta última norma, se crean e os substitúen ou asumen as súas competencias.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO